




A CANTEIRA DO BAO NA MEMORIA

Por: Javier Fernández Soutullo

Corría o ano 1966 cando no extremo sur do concello de O Grove comeza unha explotación mineral (canteira de granito), na que segundo que ditame político da época, ía ser unha bendición ou, pola contra, unha acción de espolio dos recursos naturais do pobo de O Grove.

Na época, a empresa da capital, Raimundo Vázquez Sociedade Anónima, comeza a explotación sen pausa algunha da canteira do Bao. Na teoría era un aluguer, ou algo semellante; na práctica, o concello non veu un can.



Canteira do Bao. Ano 1960.

Ante as queixas veciñais, en 1974, o concello fai ademán de acceder a un acordo coa empresa e canalizar a situación económica como era de esperar. Ditas actuacións remataron nos xulgados. O resultado, tras o cruce de denuncias, remata co peche da explotación en agosto dese mesmo ano. Eran tempos post-réxime e os métodos usados pola empresa seguían as pautas de costume. A empresa denuncia o caso no Goberno Civil e o alcalde dura dous días, sendo substituído por outro de mellor audición. Unha semana máis tarde, o 30 de decembro de 1975, fírmase o novo contrato.

Coa festa do novo goberno do Grove, ninguén se esqueceu da sinatura do novo contrato coa empresa. Deixáronse pasar as festas do Nadal e o 9 de xaneiro de 1976, todo rematado, en sesión plenaria ratifícase a sinatura.

As condicións eran formidables para o concello, e de camiño, tamén para os veciños, pois a empresa asinaba pagar por atrasos, ocupacións de terreos e extracción da pedra dos últimos 9 anos (1.600.000 ptas. de entón). Pola outra banda, o Concello asinaba outra concesión de 10 anos, ata 1986, comprometéndose a empresa a pagar 200.000 ptas. por cada ano.

Noutro aspecto do contrato (o que hoxe chamamos letra pequena), contemplábase a posibilidade de instalar unha planta de formigón e outra de aglomerados, con outras posibilidades que quedaban abertas.

Co soprido de novos ventos nas relacións empresa-concello, esta comeza a realizar obras importantes: traída de augas, arranxo dalgúns barrios, etc.

As comidas enxebres na finca “A Atlántida”, propiedade daquela do xerente, eran habituais. Neses anos a formación política UCD gobernaba España aos catro ventos e o seu líder, D. Adolfo Suárez, tiña un retiro para as vacacións na Atlántida garantido.

Á merenda, non podería ser doutra maneira, engádense os bancos, Bilbao e Hispano-Americano. Un 25 de abril de 1979 remata a festa.

Esfollando polo miúdo aqueles papeis, van aparecendo datos. Non existe licencia de explotación municipal, seguían sen pagar unha peseta, a explotación estaba sendo arrendada a outra empresa, Dragados e Construcións, por uns 4 millóns de pesetas. E os citados bancos, reclamaban ao concello ata 15 millóns en relación con obras xa mencionadas que, en teoría, saírían pola cara.

Moitos anos despois, foi reenchida parcialmente pola comunidade de montes San Martiño, pasando de ser a nosa tarxeta de presentación ao que hoxe é, parte integrante da nosa paisaxe.



A Atlántida. 1968.